Federación Galega de Caza

# MEMORIA DA XORNADA FORMATIVA SOBRE XESTIÓN DO MONTE, SOSTIBILIDADE E ACTIVIDADE CINEXÉTICA

## As Pontes, 30 Nov 2018

XUNTA DE GALICIA

DEPORTE GALEGO

GALICIA SAUDABLE

*"A Caza, unha actividade física saudable en plena natureza"*

As Pontes de García Rodríguez

Federación Galega de Caza

XUNTA DE GALICIA

DEPORTE GALEGO

GALICIA SAUDABLE

*"A Caza, unha actividade física saudable en plena natureza"*

# I N D I C E


| | |
|---|---|
| **1. Duración, destinatarios, e obxectivos** | 1 |
| **2. Conferencias e relatores** | 1-2 |
| **3. Material** | 2 |
| **4. Participación** | 2 |
| **5. Programa da Xornada** | 2 |
| **6. Reportaxe gráfico do curso** | 3-4 |
| **7. A Xornada formativa nos medios de comunicación e nas RRSS** | 4-6 |
| **Anexo 1 (programa da actividade)** | 7 |

# MEMORIA DA XORNADA FORMATIVA
# "XESTIÓN DO MONTE, SOSTIBILIDADE E ACTIVIDADE CINEXÉTICA"

O pasado 30 de novembro de 2018, desenvolvíase na Casa de Cultura de As Pontes de GR, a primeira ***Xornada Formativa sobre xestión do Monte, Sostibilidade, e Actividade Cinexética***, **organizada pola Escola de Caza da Federación Galega de Caza en colaboración co Concello de As Pontes de García Rodríguez**.

## 1. DURACIÓN, DESTINATARIOS E OBXECTIVOS.

**Duración da Xornada:** A duración da Xornada formativa foi de 3 horas.

**Destinatarios:** Xornada de portas abertas dirixida ao público en xeral, pero en especial aos cazadores, representantes de sociedades, e outros usuarios e colectivos que usan o monte.

**Obxectivos da Xornada**: Formación sobre a xestión do monte, a súa sostibilidade, e a actividade cinexética, como elementos dinamizadores do medio rural.

## 2. CONFERENCIAS E RELATORES.

Durante a xornada formativa, impartíanse as seguintes conferencias, a cargo de expertos e profesionais nos diferentes campos:

- ***"A Caza en relación con outros usos e aproveitamento do monte. A súa implicación como elemento dinamizador no medio rural"***, a cargo de Darío Andrade Expósito ( Cazador e Técnico da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

  Durante o relatorio púxose de manifesto a realidade da caza como un aproveitamento máis do monte, unha actividade que constitúe un dos apoios necesarios nos que sustentar o desenvolvemento do rural, xeradora de riqueza e que contribúe á protección da natureza e á súa conservación.

- "***A Caza, o home, e a natureza***", a cargo de Carlos Gonzalo Muñoz Martínez (Enxeñeiro Agrónomo, Enxeñeiro de Montes. Ex-xefe do Servizo de Caza e Pesca Fluvial do Servizo de Conservación da Natureza de A Coruña).

  Nesta conferencia fíxose un percorrido pola actividade cinexética desde os seus inicios como primeira actividade e sustento do ser humano, pasando pola revolución agraria, ata chegar á actualidade como deporte e medio de xestión dos recursos naturais.

- "***O Negativo da Caza***", a cargo de Carlos Alberto Sánchez Pontón de Multimedia Galinova (xornalista).

O relatorio poñía enriba da mesa a importancia da comunicación como unha poderosa ferramenta que o colectivo cinexético debe aprender a utilizar correctamente para evitar os estereotipos aos que tradicionalmente sen ten que enfrontar. Durante a charla amosáronse técnicas para coidar, e mesmo mellorar, a imaxe que se ofrece do colectivo, co obxectivo de deixar de estar no punto de mira.

- "***A FGC como vertebradora da caza en Galicia***", a cargo de Javier Nogueira Diz (Cazador, presidente da FGC entre 2011-2018, e conselleiro Delegado de Mutuasport).

  Ao longo desta ponencia púxose de manifesto a vertebración da caza en Galicia a través das sociedades de caza, na súa inmensa maioría ligadas á estrutura federativa, completamente integradas na sociedade galega e presentes no 100% dos municipios de Galicia, abarcando máis do 94% do territorio galego aproveitado cinexéticamente.

**A coordinación e presentación da Xornada, corría a cargo do Presidente Provincial da Federación Galega de Caza na Coruña, José María Álvarez Villar,** e contaba coa colaboración da xunta directiva provincial, do persoal laboral federativo, e do xestor cinexético José Manuel Matos.

## 3. MATERIAL.

Aos asistentes á xornada de formación, entregóuselle o seguinte material:

- Bolsa das Xuventudes pola Caza
- Bolígrafo
- Diptico de Seguridade na Caza
- Diptico de Decálogo de Seguridade Os 10 mandamentos do cazador
- Diptico das vantaxes dos federados
- Viseiras de seguridade, cor laranza
- Revista Galicia Cinexética




## 4. PARTICIPACIÓN.

Asistiron á Xornada **78** persoas, maioritariamente da provincia de A Coruña, aínda que a convocatoria estendíase a cazadores e outros colectivos de toda Galicia.

## 5. PROGRAMA DA XORNADA.

Únese como **Anexo 1** a esta memoria o programa da Xornada Formativa, con expresión da data, lugar de celebración, horarios, relatores e conferencias impartidas.

## 6. REPORTAXE GRÁFICO DOS CURSOS.




A xornada formativa era organizada pola ***Escola de Caza*** da Federación Galega de Caza, **en colaboración co Concello de As Pontes de GR.**

A FGC aproveitaba a calidade dos relatores e conferencias impartidas na Xornada para gravalas e difundilas nos próximos meses a través da aula virtual da Escola de Caza.




Álvarez Villar e Matos Sobrino, durante a presentación



Imaxe do salón durante a presentación da Xornada




Na imaxe: José M. Matos, José M. Álvarez, Carlos Muñoz e Darío Andrade



A FGC gravaba a Xornada para impartila próximamente a través do campus virtual

Federación Galega de Caza

XUNTA DE GALICIA

DEPORTE GALEGO

GALICIA SAUDABLE "A Caza, unha actividade física saudable en plena natureza"



Na imaxe: José M. Matos, e Carlos Sánchez (Multimedia Galinova)




Na imaxe: José M. Matos, José M. Álvarez, Javier Nogueira, e Carlos Sánchez

## 7. A XORNADA FORMATIVA NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN E NAS RRSS.






## Novas

Imprimir

ACCESO LIBRE E GRATUÍTO

# Xornada formativa sobre xestión do monte, sostibilidade e actividade cinexética en As Pontes

27/11/2018 Caza



Baixo a organización da Federación Galega de Caza na Coruña e coa colaboración do Concello de As Pontes, este venres, 30 de novembro, terá lugar unha Xornada formativa sobre xestión do monte, sostibilidade e actividade cinexética.

A xornada, de acceso libre e gratuíto, celebrarase na Casa da Cultura de As Pontes (A Coruña) e comezará ás 18.30h coa recepción e entrega de documentación.

Catro ponencias configuran o programa deste evento, que correrán a cargo de **Darío Andrade Expósito**, Técnico de Caza da Xunta de Galicia; **Carlos G. Muñoz Martínez**, Enxeñeiro agrónomo e de montes; **Carlos Alberto Sánchez Pontón**, xornalista; e **Javier Nogueira Diz**, Presidente durante sete anos da Federación Galega de Caza.

Ao remate da xornada, que está previsto para as 21.30h, os asistentes recibirán un agasallo conmemorativo da xornada.

Máis información na Federación Galega de Caza na Coruña, chamando ao 981 70 29 57 ou no correo electrónico coruna@federaciongalegadecaza.com

Descargar programa da xornada

---

CAZA y SAFAI
CAZAWONKE • EL DIARIO DE CAZA DEL SI

Plan Renove 2018 ZEISS Victory V8 + INFO

INICIO NOTICIAS REPORTAJES SCI MÁS CAZA BLOGS VÍDEOS

ULTIMAS NOTICIAS ·rques Nacionales 2 horashace Jornada formativa de la FGC sobre gestión del monte en As Pontes, este

FEDERACIONES, NACIONAL, NOTICIAS

# Jornada formativa de la FGC sobre gestión del monte en As Pontes, este viernes

El 28 noviembre, 2018




Bajo la organización de la Federación Galega de Caza (FGC) en A Coruña y con la colaboración del Ayuntamiento de As Pontes, este viernes, 30 de noviembre, tendrá lugar una **jornada formativa sob gestión del monte, sostenibilidad y actividad cinegética**.

La jornada, de **acceso libre y gratuito,** se celebrará en la Casa da Cultura de As Pontes (A Coruña) y comenzará a las 18:30 h. con la recepción y entrega de documentación.

Cuatro ponencias configuran el programa de este evento, que correrán a cargo de Darío Andrade Expósito, técnico de Caza de la Xunta de Galicia; Carlos G. Muñoz Martínez, ingeniero agrónomo y de montes; Carlos Alberto Sánchez Pontón, periodista; y Javier Nogueira Diz, cazador y presidente de la Federación Galega de Caza.

---

NOTICIAS



# Calidad en las ponencias de la jornada formativa celebrada en As Pontes

4 diciembre, 2018

El pasado viernes día 30 de noviembre tenía lugar el municipio coruñés de As Pontes la 'Jornada Formativa sobre la Gestión del Monte, Sostenibilidad [...]

---

ULTIMAS NOTICIAS ades de la fauna silvestre 16 horashace Escopeta semiautomática SX4 Field 12M de Winchester 18 horash

FEDERACIONES, NACIONAL, NOTICIAS

# Calidad en las ponencias de la jornada formativa celebrada en As Pontes

El 4 diciembre, 2018

More in Federaciones:



MAPA y cazadores abordan los retos ante enfermedades de la fauna silvestre
4 diciembre, 2018





**Federación Galega de Caza**
**www.federaciongalegadecaza.com**

XORNADA FORMATIVA

# Calidade nas ponencias da Xornada Formativa celebrada en As Pontes

03/12/2018




O pasado venres día 30 de novembro tiña lugar no concello coruñés de As Pontes unha Xornada Formativa sobre a Xestión do Monte, Sostibilidade e Actividade Cinexética organizada pola Federación Galega de Caza e contando coa colaboración do concello de As Pontes.

Rematada a xornada o pouso que deixaron as diferentes ponencias impartidas foi extraordinario e altamente valoradas polos preto de 80 asistentes que se achegaron a Casa da Cultura - Casa Dopeso.

Todo comenzaba ás 18:30 horas coa recepción dos asistentes e entrega de documentación, para pasar á presentación da Xornada Formativa por parte de José María Álvarez Villar, presidente da FGC en A Coruña.

Como xa nos ten acostumados en outras ocasión, o Técnico de Caza da Subdirección Xeral de Biodiversidade e Recursos Cinexéticos e Piscícolas, Darío Andrade, realizou unha brilante ponencia que versou sobre a caza en relación con outros usos e aproveitamentos do monte. Dito Técnico tamén falou sobre a implicación da actividade cinexética como elemento dinamizador do medio rural.

Na segunda ponencia impartida por Carlos Muñoz Martínez, ex-xefe de Caza e Pesca Fluvial do Servicio de Conservación da Natureza de A Coruña, fíxose un percorrido pola actividade cinexética dende o seu inicio ata o día de hoxe, falando da revolución agraría e a consolidación do deporte da caza e da súa necesidade como ferramenta de xestión.

# Anexo 1

## Programa da Xornada Formativa

### INFORMACIÓN

Na FGC de A Coruña
981 70 29 57 / ✉ coruna@federaciongalegadecaza.com

Na Federación Galega de Caza
981 56 27 77 / ✉ federacion@federaciongalegadecaza.com

### HORARIOS

18.30h – Recepción e entrega de documentación
Duración: 3 horas

### SITUACIÓN

Casa da Cultura (Casa Dopeso)
Rúa Rosalía de Castro, 28
As Pontes
A CORUÑA

## XORNADA FORMATIVA SOBRE XESTIÓN DO MONTE, SOSTIBILIDADE E ACTIVIDADE CINEXÉTICA



As Pontes (A Coruña)

30 novembro 2018

Organiza: Federación Galega de Caza — Colabora: As Pontes de García Rodríguez

Organiza: Federación Galega de Caza — Colabora: As Pontes de García Rodríguez

## XORNADA FORMATIVA SOBRE XESTIÓN DO MONTE, SOSTIBILIDADE E ACTIVIDADE CINEXÉTICA

As Pontes (A Coruña) – 30 de novembro 2018

### PROGRAMA DA XORNADA

**18:30h** Recepción e entrega de documentación

**19:00h:** Presentación da xornada por D. José Mª Álvarez Villar, Presidente da Federación Galega de Caza na Coruña

**19.15h**: Ponencia:
**“A CAZA EN RELACIÓN CON OUTROS USOS E APROVEITAMENTOS DO MONTE. A SÚA IMPLICACIÓN COMO ELEMENTO DINAMIZADOR NO MEDIO RURAL”**

a cargo de **D. Darío Andrade Expósito,**
*Técnico de Caza da Subdirección Xeral de Biodiversidade e Recursos Cinexéticos e Piscícolas*

Nesta ponencia porase de manifesto a realidade da caza como un aproveitamento máis do monte, unha actividade que constitúe un dos apoios necesarios nos que sustentar o desenvolvemento do rural, xeradora de riqueza e que contribúe á protección da natureza e á súa conservación.

**19.50h**: Ponencia:
**“A CAZA, O HOME E A NATUREZA”**

a cargo de **D. Carlos G. Muñoz Martínez**
*Enxeñeiro agrónomo e enxeñeiro de montes. Ex-xefe do Servizo de Caza e Pesca Fluvial do Servizo de Conservación da Natureza da Coruña*

Un percorrido pola actividade cinexética desde o seu inicio como primeira actividade e sustento do ser humano, pasando pola revolución agraria, ata chegar aos nosos días como deporte e medio de xestión dos recursos naturais.

**20.25h**: Ponencia:
**“O NEGATIVO DA CAZA”**

a cargo **D. Carlos Alberto Sánchez Pontón,**
*Xornalista*

A comunicación é unha poderosa ferramenta que o colectivo de cazadores debe aprender a utilizar correctamente para sacudir os estereotipos cos que tradicionalmente tivo que cargar. Nesta charla aprenderemos técnicas para coidar a imaxe que ofrecemos de nós mesmos e que nos permitirán deixar de estar no punto de mira.

**21.00h**: Ponencia:
**“A FGC COMO VERTEBRADORA DA CAZA EN GALICIA”**

a cargo **D. Javier Nogueira Diz,**
*Cazador, ex Presidente da Federación Galega de Caza, Conselleiro Delegado de Mutuasport*

Trátase de comunicar a vertebración da caza en Galicia a través das sociedades de caza na súa inmensa maioría ligadas á estrutura federativa, completamente integradas na sociedade galega e presentes no 100% dos concellos de Galicia, abarcando máis do 95% do territorio galego aproveitado cinexéticamente.

**21:30h:** Clausura da xornada

Entregarase un agasallo conmemorativo da Xornada a tódolos asistentes.

Federación Galega de Caza
www.federaciongalegadecaza.com
As Pontes de García Rodríguez